

**OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2014, 2015 E 2016  
CONDUTOR-BOMBEIRO****CONVOCATORIA 3º EXERCICIO**

Convócase aos aspirantes que superaron o segundo exercicio da oposición, á realización do terceiro exercicio, probas de aptitude física, que dará comezo o vindeiro xoves, 29 de novembro, a partir das 10,15 horas, no Ximnasio Municipal sito na rúa do Carme s/n, 36210 Vigo, segundo o seguinte calendario e sen prexuízo de calquera modificación que será comunicada aos aspirantes oportunamente

- 1) As probas correspondentes ao apartado a) Corda, Escaleira e Press de banca, terán lugar no transcurso da mañá do referido día **29 de novembro, a partir das 10,15 horas** no referido Ximnasio da rúa do Carme desta cidade.
- 2) As probas primeira (100 m lisos), segunda (200 m con carga de 30 Kg), terceira (Circuíto de axilidade) e, cuarta (resistencia 1000 m) das que integran o apartado b) do terceiro exercicio, terán lugar o **venres, día 30 de novembro, a partir das 15,30 horas** nas pistas municipais de atletismo sitas a carón do Estadio Municipal de Balaídos.
- 3) A proba de natación (100 m) realizarase o vindeiro **domingo, día 2 de decembro, a partir das 9,00 horas** na piscina municipal situada na rúa do Carme desta cidade. A indumentaria para a execución desta proba é traxe de baño, gorro e lentes, unicamente.
- 4) A proba de acceso a coche escaleira realizarase o vindeiro **luns, día 3 de decembro, a partir das 9,00 horas** no Parque Central de Teis, sito na Rúa Ángel de Lema y Marina nº 46 de Vigo.

Lémbrese aos aspirantes que deberán presentar perante o Órgano de selección, na data de realización do terceiro exercicio (probas de aptitude física), **certificado médico** expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses dende a súa expedición, ao obxecto de acreditar a aptitude física, e no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as aptitudes psicofísicas (condicións físicas e sanitarias) necesarias e suficientes para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados na correspondente proba da oposición, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico. Non se admitirán certificados que non se axusten na súa redacción a estes conceptos (ANEXO III das Bases). A non presentación do referido certificado suporá a exclusión do aspirante do proceso selectivo.

Así mesmo, para a realización das probas, deberán vir provistos de DNI e roupa deportiva.

Vigo, data da sinatura dixital  
O SECRETARIO SUPLENTE DO ÓRGANO DE SELECCIÓN

Gustavo Rodríguez Bartol



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 27/11/2018 10:04

Páxina 1 de 1

Expediente 32857/220

CSV: 23E453-52E9CE-A357EF-TZDMYN-X9QVPK-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>